



Informe relativo á documentación presentada por Oracle ibérica, s.r.l. na contratación administrativa do servizo para o mantemento das licenzas da base de datos Oracle do Parlamento de Galicia e proposta de requirimento de documentación.

Con data de 8 de outubro de 2013 a Mesa do Parlamento acordou iniciar o procedemento e a apertura da fase de adxudicación da contratación administrativa dos servizos para o mantemento das licenzas da base de datos Oracle do Parlamento de Galicia, mediante procedemento negociado sen publicidade e por un valor estimado de 30.347,17 €.

Por razóns técnicas relacionadas coa protección de dereitos de exclusiva, e ao abeiro do establecido no artigo 170.d) do TRLCSP á contratación unicamente foi invitado a participar o licitador propietario en exclusiva, entre outros, dos dereitos de soporte técnico e mantemento da totalidade dos programas que integran Oracle Corporation, entre eles Oracle DataBase Enterprise Edition, obxecto desta contratación.

O 10 de outubro de 2013 remitiuse invitación a Oracle Ibérica, S.R.L. para que presentara oferta valorada.

Dentro do prazo indicado na invitación formulada, con data de 16 de outubro de 2013 a empresa Oracle Ibérica, S.R.L. presentou a súa proposición (registro nº 13931).

Segundo o establecido no apartado 15 do cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas os criterios de negociación son os seguintes:

I.- Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor: Mellora no nivel de servizo de soporte e mantemento para valorar melloras sobre o nivel de servizo, "Soporte Premier", esixido como mínimo.

II.- Criterios avaliáveis de forma automática por aplicación de fórmulas: Prezo.

Da análise da documentación presentada pola empresa no sobre B, e segundo informe do xefe do Servizo de Tecnoloxías da Información, a oferta cumpre co mínimo esixido no prego de prescricións técnicas no relativo á información que debe recollese neste sobre, non ofrecendo ningunha mellora.

Respecto da oferta presentada no sobre "C" relativa ao prezo, o importe ofertado pola empresa concorrente é de 30.347,17 € (sen IVE).

O orzamento máximo de licitación establecido no apartado 4 do cadro de especificacións é de 30.347,17 € (sen IVE), polo que o prezo ofertado non supera o orzamento de licitación establecido.

Polo tanto, constátase que a oferta presentada por Oracle Ibérica, S.R.L. cumpre os requirimentos esixidos nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.



En base ao exposto, e conforme ao establecido no prego de cláusulas administrativas, procede someter á Mesa do Parlamento de Galicia a proposta de requirir á empresa **Oracle Ibérica, S.R.L.** para que presente, no prazo de dez días hábiles contar desde o seguinte á recepción do requirimento a documentación esixida na base décima, apartado 2 do prego de cláusulas administrativas para, no seu caso, proceder á adxudicación do contrato.


Vº e prace
O Letrado Oficial Maior
Xosé Antón Sarmiento Méndez

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2013.


María Aneiros González
Directora de Recursos Humanos e Réxime Interior

Mesa do Parlamento de Galicia